

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 10 DE MARZO DE 2016,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia (CTG) para a promoción e comercialización de Galicia como destino turístico, por un importe total dun millón cincocentos mil euros (1.500.000,00 €), e polo que se autoriza eximir da obriga de constituír garantías nos pagamentos anticipados e a conta, de conformidade co artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Acordo polo que se declaran festas de Galicia de interese turístico: a Feira do Queixo do Cebreiro (Lugo), a Xuntanza Internacional de Gaiteiros de Monterrei (Ourense), o Entroido de Vilariño de Conso (Ourense), a Feira do Viño do Rosal (Pontevedra) e a Festa do Viño do Condado do Tea (Pontevedra).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas, o Servizo Galego de Saúde, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Ourense para o financiamento e execución da urbanización dos accesos ao Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, por un importe dun millón trescentos setenta e un mil douscentos trinta e cinco euros con cincuenta e tres céntimos (1.371.235,53€).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de mobilidade transnacional xuvenil (Galeuropa), con cargo ao Programa operativo de emprego xuvenil, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016. Importe total: dous millóns trinta e catro mil setenta e catro euros con setenta e seis céntimos (2.034.074,76€).

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre política patrimonial da Xunta de Galicia 2016-2017.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Informe sobre o Plan de sendas para o fomento da mobilidade sustentable en Galicia.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre as probas de competencia clave de niveles 2 e 3 de cualificación para o acceso aos certificados de profesionalidade.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe da proposta sobre a oportunidade dun Plan estratéxico de dinamización dos pequenos núcleos históricos.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe da Estratexia Sergas – 2020.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre a creación do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre o Plan territorial por contaminación mariña accidental de Galicia. Catro anos de andadura: 2012-2016.

TURISMO DE GALICIA E O CLÚSTER DO SECTOR AFIANZAN A SÚA COLABORACIÓN NA PROMOCIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE GALICIA COMO DESTINO TURÍSTICO

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que Turismo de Galicia destina 1.500.000€ para a promoción e o fomento da comercialización de Galicia como destino turístico e, en especial, dos seus produtos cabeceira de marca*
- *Así mesmo, o convenio permitirá o fortalecemento dos procesos de intermediación e comercialización e o impulso tanto do turismo interno e de proximidade como do internacional*
- *A colaboración impulsará, ademais, o fomento da investigación, a comunicación e a divulgación do Camiño e a cultura xacobeá e dará apoio ao Smart Camiño*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e o Clúster de Turismo de Galicia para a promoción e comercialización de Galicia como destino turístico.

O obxecto do acordo é o outorgamento dunha subvención directa para sufragar os gastos derivados das actividades dirixidas á promoción e o fomento da comercialización de Galicia como destino turístico e, en especial, dos seus produtos cabeceira de marca, mediante a colaboración co Clúster de Turismo de Galicia na implantación de actuacións concretas.

Neste senso, o convenio inclúe diversas iniciativas como campañas de publicidade e plans de promoción exterior, proxectos de márketing en liña, actuacións de mellora da comercialización dos produtos turísticos de Galicia, publicacións e material promocional de apoio específico á promoción e difusión dos recursos turísticos, organización e participación en feiras, congresos, exposicións, xornadas técnicas, encontros e seminarios de carácter turístico así como outras actuacións vinculadas á mellora do posicionamento da marca Galicia como destino turístico, a súa promoción, a conformación de produtos ou a mellora da comercialización.

Complementariamente, o obxecto do convenio permitirá a implementación e desenvolvemento do Plan integral de turismo de Galicia no que se refire ao fortalecemento dos procesos de intermediación e comercialización, á promoción para o impulso do turismo interno e de proximidade e á promoción para o impulso do turismo internacional.

Así mesmo, a colaboración permitirá a implementación e desenvolvemento do Plan Director do Camiño de Santiago en Galicia, 2015-2021, con base na liña estratéxica relacionada co fomento da investigación, a comunicación e a divulgación do Camiño e a cultura xacobeá, ademais de dar apoio ao Smart Camiño.

Para a execución das actuacións obxecto do convenio, Turismo de Galicia achegará 1.500.000€ en tres anualidades -2016, 2017 e 2018-.

Firme aposta pola colaboración público-privada

O convenio de colaboración aprobado hoxe polo Consello da Xunta constitúe unha mostra máis da firme aposta de Turismo de Galicia pola colaboración público-privada.

Este acordo súmase a outros convenios de colaboración anteriores que Turismo de Galicia vén asinando co Clúster do sector para o impulso do asociacionismo, a implementación das liñas de actuación do Plan integral de turismo de Galicia ou para a implementación, difusión e promoción da marca Q de Calidade Turística no sector turístico galego.

Grazas a este traballo conxunto de todos os suxeitos implicados na actividade turística Galicia estase a consolidar como un destino turístico de referencia no panorama nacional e internacional.

GALICIA SUMA CINCO NOVAS FESTAS DE INTERESE TURÍSTICO AUTONÓMICO

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de festa de interese turístico de Galicia para a Feira do Queixo do Cebreiro, a Xuntanza Internacional de Gaiteiros de Monterrei, o Entroido de Vilariño de Conso, a Feira do Viño do Rosal e a Festa do Viño do Condado do Tea*
- *A nosa comunidade suma un total de 113 festas de interese turístico autonómico ás cales hai que engadir ás oito festas declaradas de interese turístico internacional e as doce que contan coa declaración nacional*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia para a Feira do Queixo do Cebreiro (Lugo), a Xuntanza Internacional de Gaiteiros de Monterrei (Ourense), o Entroido de Vilariño de Conso (Ourense), a Feira do Viño do Rosal (Pontevedra) e a Festa do Viño do Condado do Tea (Pontevedra).

A nosa comunidade incorpora, así, cinco novas celebracións ás súas festas de interese turístico autonómico coas que xa suma un total de 113, ás cales hai que engadir as oito festas declaradas de interese turístico internacional e as doce que contan coa declaración nacional.

Estas declaracións son as primeiras outorgadas tras a aprobación do novo decreto para a regulación da declaración de festas de interese turístico de Galicia, unha normativa máis esixente que incrementou a antigüidade mínima para acreditar o enraizamento da festa e incorporou novos requisitos e criterios de valoración coa finalidade de conceder ás declaracións un recoñecemento e prestixio que se corresponda coa importancia actual da distinción.

A Feira do Queixo do Cebreiro

A Feira do Queixo do Cebreiro celébrase de modo interrompido dende 1987. A súa orixe e difusión está vinculada ao Camiño Francés, e son os peregrinos os que a deron a coñecer por todo o mundo.

Esta feira constitúe un dos mellores escaparates para un dos produtos máis característicos e valorados da nosa Comunidade, así como dunha gran variedade de produtos elaborados baixo denominacións de orixe ou de forma artesanal tanto da comarca coma doutros lugares de Galicia.

A festa complementábase coa actuación de grupos de baile e música tradicional, así como exposicións sobre a cultura tradicional o que converte a nun gran reclamo turístico.

A Xuntanza Internacional de Gaiteiros de Monterrei

A Xuntanza Internacional de Gaiteiros de Monterrei vense celebrarse desde o ano 1985. Na súa primeira etapa foi un evento itinerante e cada ano tiña lugar nun concello da provincia, ate que en 2015 se declarou o Castelo de Monterrei como sede permanente.

A súa singularidade vén dada tanto polo lugar onde se celebra, como por ser o único festival monográfico sobre as gaitas do mundo, tanto a nivel galego coma estatal.

O Entroido de Vilariño de Conso

O Entroido de Vilariño de Conso constitúe unha das manifestacións populares máis importantes do inverno en Galicia.

Esta celebración forma parte dunha festa que é case universal pero que ten elementos únicos que a dotan de gran valor etnográfico. A súa personaxe estrela "o Boteiro" - máxima autoridade á que todos deben obediencia- e outros elementos singulares como a foliada -representacións de pequenos sainetes-, o Fulión -grupos de persoas de cada parroquia do concello que portan instrumentos que emiten un ritmo particular-, as carrozas -representacións de oficios- ou a fariñada atraen ata este municipio ourensán cada ano miles de turistas.

Coa declaración do Entroido de Vilariño de Conso, Galicia atesoura un total de nove entroidos declarados Festa de Interese Turístico, dous deles de distinción nacional.

A Feira do Viño do Rosal e a Festa do Viño do Condado do Tea

As festas do viño da subzona do Rosal e do Condado de Teo exaltan dende 1993 e 1959, respectivamente, un dos máis importantes elementos que conforman a nosa cultura, o viño.

Dúas festas consolidadas que nos últimos anos rexistraron máis de 30.000 persoas e que contan en cada edición coa participación de decenas de bodegas amparadas baixo a Denominación de Orixe Rías Baixas.

Ambas as celebracións constitúen un importante reclamo para os cada vez mais turistas que acoden a Galicia para entender e desfrutar da concepción dos viños.

A XUNTA E A DEPUTACIÓN E O CONCELLO DE OURENSE COLABORARÁN NA URBANIZACIÓN DOS ACCESOS AO CHUO

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega de Infraestruturas, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Ourense para o financiamento e execución da urbanización dos accesos ao Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.

Segundo o acordo, a Xunta de Galicia comprométese a financiar a redacción do proxecto de construción para a realización dos accesos ao CHUO. Neste sentido, a contratación e execución das obras de urbanización do acceso ao novo edificio de hospitalización correrán a cargo da Axencia Galega de Infraestruturas, que prevé licitar os traballos nas vindeiras semanas cun orzamento de 1,36 millóns de euros.

No que atinxe ao financiamento, ao Sergas correspóndelle a supervisión do proxecto e o seu aboamento, por un importe de 10.890 euros. As obras que afectan a área de reparto serán financiadas pola Deputación Provincial, cun investimento máximo de 949.614,05 euros. Pola súa banda, os traballos que afectan o solo urbano consolidado serán financiados polo Concello, nunha contía máxima de 410.731,48 euros.

As obras consistirán na execución de dous vías, unha delas, a máis extensa e lonxitudinal con respecto á fachada leste do Complexo Hospitalario, e outra perpendicular a este. A primeira terá unha lonxitude de 165 metros e unha calzada con dous carrís cun largo total de 24,5 metros, e inclúe prazas de aparcamento e beirarrúas a ambos os lados. A segunda vía terá unha lonxitude de 28 metros e un largo de 20 metros, e prevé tamén beirarrúas e aparcadoiros.



A XUNTA DE GALICIA POSIBILITARÁ A MOBILIDADE INTERNACIONAL DE 500 MOZOS E MOZAS A TRAVÉS DO PROGRAMA GALEUROPA

- *O programa permitirá aos participantes adquirir novas capacidades nun contorno cultural e social novo*
- *Realizarán prácticas formativas en empresas europeas en períodos de 8 a 16 semanas*

A Consellería de Política Social presentou hoxe no Consello da Xunta o proxecto de acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa de mobilidade transnacional xuvenil Galeuropa, con cargo ao Programa operativo de emprego xuvenil, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016. Nesta iniciativa poderán tomar parte 500 mozos e mozas.

A Administración autonómica entende a mobilidade como a adquisición de novas capacidades nun contorno cultural e social novo, a través da formación académica, das prácticas profesionais e dos procesos de educación non formal que leva parella a participación nestes programas. Todas as iniciativas de mobilidade teñen como finalidade mellorar a formación da mocidade galega, favorecer a adquisición de novos coñecementos, habilidades, capacidades e cualificacións para facilitar a súa inclusión no mercado de traballo. Ademais, a través de programas como Galeuropa, inténtase dotar a comunidade de profesionais de novos coñecementos sobre o funcionamento do mundo empresarial internacional mentres melloran outros idiomas e amplían os seus currículos cunha experiencia internacional.

Galeuropa permitirá que 500 mozos e mozas galegos, de entre 18 e 30 anos, poidan realizar prácticas formativas non remuneradas en empresas de países europeos. Os participantes deberán estar inscritos no ficheiro nacional de Garantía Xuvenil para poder beneficiarse das estadias, que terán unha duración mínima de 8 semanas e máxima de 16.

O programa prevé tres tipos de axudas: as individuais para mozos e mozas, as destinadas a proxectos de mobilidade presentados por entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan actividades no eido da xuventude e aquelas para proxectos de mobilidade presentados polos concellos. A contía da axuda establecerase en función do país de destino e dos días da estadia, sendo a media estimada de 3.300 euros. O importe da axuda total inclúe unha axuda para os gastos de aloxamento, manutención e viaxe. Para os proxectos de mobilidade promovidos polos concellos e entidades sen ánimo de lucro, nos cales poderán participar rapaces e rapazas a partir de 16 anos,

prevense ademais axudas para apoio aos aspectos organizativos, á execución do proxecto e para a entidade de acollida no país de realización das prácticas formativas.

Unha vez finalizados os proxectos, os participantes poden obter un certificado oficial de experiencias de educación non formal en materia de xuventude, como instrumento que permite confirmar a participación nos programas de educación non formal e sobre todo, validar as competencias adquiridas, sendo Galicia a única comunidade que certifica a participación xuvenil.

A futura orde enmárcase no Programa operativo de emprego xuvenil e estará cofinanciada no período 2015-2016 pola Iniciativa de Emprego Xuvenil e o Fondo Social Europeo cunha porcentaxe do 91,89%. Deste xeito, a próxima convocatoria contará cun orzamento total de 2.034.074,76 euros. A orde publicárase no prazo aproximado dun mes e o inicio das mobilidades está previsto para o mes de agosto.

Esta convocatoria de mobilidade transnacional xuvenil responde ao traballo en rede de distintas entidades de países europeos, liderada polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais de Alemaña e elaborada no seo da convocatoria coordinada TNL mobility.

Aposta pola xuventude

A Xunta de Galicia impulsa medidas diversas que incrementan as oportunidades de emprego e facilitan o acceso ao mercado de traballo, como Galeuropa, grazas ao cal o 36% dos participantes na convocatoria individual do 2015, atoparon traballo tras as súas prácticas formativas en tres meses ou menos dende que finalizaron a mobilidade.

Nesta lexislatura culmínase o proceso iniciado en 2010, que permitiu a renovación total dos programas da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. A Xunta de Galicia centrou os seus esforzos neste ámbito na execución de programas de educación non formal. Deste xeito, nos últimos anos, puxéronse en marcha proxectos pioneiros a nivel de todo o Estado, como Iniciativa Xove, Voluntariado Xuvenil, Galeuropa, Campaña de Verán e Deseñando o teu Futuro.

A XUNTA REDUCIRÁ EN DOUS ANOS UN 76% O GASTO EN ALUGUEIROS E OBTERÁ 5,65 MILLÓNS AO ANO PARA MELLORAR OS ESPAZOS PROPIOS

- *O novo plan patrimonial da Xunta aposta por unha política de 'alugueiros cero'*
- *O aforro servirá para autofinanciar investimentos en infraestruturas e equipamentos, a través do aproveitamento total do patrimonio propio*
- *O obxectivo é esgotar o potencial patrimonial da Administración galega e acadar unha oficina moderna, accesible e facilmente identificable*
- *A redución de gasto súmase ao aforro dun 30% acadado xa desde o ano 2009*

A Xunta reducirá un 76% o gasto en alugueiros durante os vindeiros dous anos, o que permitirá acadar un aforro anual de 5,65 millóns de euros que se poderán utilizar na mellora dos espazos que xa son propiedade da Administración galega. Así o establece un informe sobre a política patrimonial da Xunta presentado hoxe no Consello polo conselleiro de Facenda, Valeriano Martínez.

O novo plan patrimonial propón un horizonte temporal curto, xa que establece uns obxectivos para o ano vixente e para 2017. O primeiro obxectivo prioritario é a redución no gasto en alugueiros. A Administración galega prevé diminuír este gasto ata deixalo en 1,73 millóns de euros ao peche de 2017, o que suporá un aforro anual de 5,65 millóns respecto ao gasto neste concepto do pasado ano.

Esta redución do gasto sumarase ao aforro xa acadado en Galicia durante os anos anteriores. De feito, o gasto en alugueiros da Administración xeral baixou case un 30% entre 2009 e 2015, e agora o Goberno galego aspira a reducir o gasto total nesta partida orzamentaria noutro 76% e camiñar cara a unha política de 'alugueiros cero'.

Autofinanciamento de actuacións

O aforro de 5,65 millóns de euros anuais servirá para que a Xunta poida autofinanciar investimentos en infraestruturas e equipamentos dos servizos públicos, a través dun aproveitamento total do patrimonio propio da Xunta.

A intención do Goberno galego é esgotar o potencial patrimonial da Administración autonómica, e reducir ao mesmo tempo os custos operativos e de mantemento asociados ao funcionamento dos servizos burocráticos dependentes da Xunta.

Unificación de imaxe corporativa

O informe establece como prioridades traballar na concentración de espazos administrativos nos emprazamentos onde sexa posible, e incidir na unificación da imaxe corporativa dos espazos pertencentes á Administración galega, o que beneficiará ao conxunto da cidadanía na súa relación diaria coa Xunta de Galicia.

Ademais, o Goberno galego implantará unha xestión integral do patrimonio da Xunta, tanto o da Administración xeral como o da institucional, a través dunha xestión unificada deste patrimonio e orientada aos resultados.

Finalmente, o Plan de política patrimonial ata 2017 aposta por acadar unha oficina moderna, flexible, máis accesible e facilmente identificable para o cidadán en calquera parte da Comunidade galega.

A XUNTA PON EN MARCHA A PRIMEIRA FASE DO PLAN DE SENDAS DE GALICIA CO INVESTIMENTO DE 26,3 MILLÓNS DE EUROS NA CONSTRUCCIÓN DE 55 ITINERARIOS PEONÍS E CICLISTAS EN 7 COMARCAS GALEGAS

- *O Consello da Xunta aproba un plan de actuación que prevé a execución por fases dun total de 170 quilómetros de sendas seguras, sustentables e integradas na paisaxe*
- *Esta estratexia desenvolve unha das liñas de traballo previstas no Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020 co obxectivo de protexer os usuarios das vías máis vulnerables*
- *Trátase de sendas deseñadas para percorrer con seguridade e por medios non contaminantes a distancia entre núcleos urbanos e equipamentos e servizos de uso cotián, como escolas ou centros de saúde*
- *As primeiras actuacións levaranse a cabo nas comarcas de Bergantiños, Santiago, Salnés, A Coruña, Ferrol, A Terra Cha e Vigo*
- *Na actualidade a Xunta xa está iniciando os estudos dunha segunda fase integrada polas comarcas de Lugo, Ourense, Pontevedra e O Morrazo, na que se executarán 25 quilómetros de novos itinerarios*
- *O Goberno galego priorizou as actuacións por comarcas atendendo a criterios de poboación, tráfico, siniestralidade, orografía e o clima*

A Xunta acordou hoxe a posta en marcha da primeira fase do Plan de Sendas de Galicia mediante un investimento de 26,3 millóns de euros na construción de 55 itinerarios peonís e ciclistas en 7 comarcas galegas. Así está previsto no plan de actuación presentado no Consello da Xunta como folla de ruta para a execución por fases de un total de 170 quilómetros de sendas seguras, sustentables e integradas na paisaxe.

Trátase dun conxunto de actuacións planificadas sobre o conxunto do territorio da Comunidade autónoma co obxectivo de promover modos de desprazamento non contaminantes e alternativos ao coche que sirvan para percorrer de forma segura a distancia entre os núcleos urbanos e centros de equipamentos e servizos de uso cotián, tales como centros de saúde ou escolas, entre outros.

Esta iniciativa enmárcase no Plan de Seguridade Viaria 2016-2020 aprobado o pasado mes de febreiro e alíñase cos obxectivos da Estratexia Europea 2020, e polo tanto recollidos no Plan Estratéxico 2015-2020 de Galicia, en canto á promoción dunha economía baixa en carbono e fomento da mobilidade sustentable.

Estas sendas construíranse nas marxes das estradas de titularidade autonómica coa fin de incrementar a seguridade daqueles usuarios máis vulnerables, como son os peóns e os ciclistas.

O Goberno galego deseñou este plan mediante unha análise global do territorio da Comunidade autónoma e priorizou as comarcas nas que actuar atendendo a criterios de poboación, tráfico, siniestralidade, orografía e o clima. Conforme a estes preceptos, decidiuse actuar nunha primeira fase en 7 comarcas: Bergantiños: Santiago, Salnés, A Coruña, Ferrol, A Terra Cha e Vigo. A Xunta coordinouse previamente cos concellos destas comarcas para determinar as actuacións máis necesarias e axeitadas en cada zona, de acordo coa distribución xeográfica das estradas e dos equipamentos máis frecuentados.

Nesta primeira fase executaranse 55 sendas, que suman un total de 75,63 quilómetros, e dispoñen dun investimento de 26,3 millóns de euros. A día de hoxe, estase a iniciar a redacción de proxectos de construción no que se definirán as obras a acometer nos treitos de sendas identificados como necesarios.

No marco do plan identifícanse, no ámbito de cada comarca, aqueles treitos da Rede Autonómica de Estradas con maior potencial para os desprazamentos cotiás de peóns e ciclistas, e que carezan da infraestrutura axeitada. Para elo, consideráronse factores como a situación dos núcleos de poboación, os servizos e os equipamentos; o tráfico e sinistralidade de cada treito de estrada, as pendentes; a posibilidade de conectar con percorridos existentes, a facilidade de implantación, etc. Co fin de favorecer a integración paisaxística e ambiental das sendas, na redacción dos proxectos de construción aplicáronse criterios para a súa correcta integración no territorio.

Actuacións da primeira fase

Nesta primeira fase está previsto desenvolver na comarca de Ferrol un total de 6 sendas que suman 9 quilómetros e que suporán un investimento de 2,7 millóns de euros e entre as que destacan 3 itinerarios que permitirán realizar camiñando o percorrido entre Ares, Fene e Mugardos.

Na comarca da Coruña construíranse 9 sendas que supoñen 5,74 quilómetros e requiren un investimento de 4,07 millóns de euros, salientando a execución dunha pasarela na AC-552 para garantir a mobilidade transversal entre Marineda e A Grela.

Para a área de Vigo proxéctanse un total de 11 actuacións, un total de 12,09 quilómetros e un investimento de 2,82 millóns de euros. Entre as sendas previstas está a que unirá Gondomar coa Ramallosa e que dará continuidade ao eixe Vigo-Baiona.

En relación coa comarca do Salnés, o Plan planifica a construción de 5 novas sendas que representan 16,75 quilómetros e farán preciso un investimento de 8,73 millóns de euros, destacando entre elas a conexión Portonovo-A Lanzada, que xa está en marcha na súa primeira fase.

Para a comarca de Bergantiños prevense 7 novas sendas, un total de 9,08 quilómetros e un investimento necesario de 4,15 millóns de euros, configurando a AC-552 como eixe de mobilidade sustentable a través das sendas que unirán A Laracha con Paiosaco e O Cancelo e Carballo con Coristanco e o polígono de Bértoa.

Na comarca da Terra Cha construíranse 9 sendas, con 8,31 quilómetros 1,46 millóns de euros, con actuacións entre as que destacan o eixe entre Abadín e Rábade.

Finalmente, na comarca de Santiago, proxéctanse 8 actuacións, con 14,67 quilómetros e 2,44 millóns de euros. Esta área contará cun itinerario peonil completa dende Santiago ata Bertamiráns, na que se licitara proximamente a 1ª fase: a senda de Vidán.


Na actualidade a Consellería de Infraestruturas e Vivenda está xa a traballar nunha segunda fase, integrada por outras 4 comarcas galegas: Lugo, Ourense, Pontevedra e O Morrazo. Con esta segunda etapa prevese un investimento de 9 millóns de euros e 25 quilómetros de novas sendas.

Características

As sendas contarán cun deseño que conxuga identidade, seguridade, durabilidade e integración paisaxística. Os elementos presentes nas citadas infraestruturas viarias son o pavimento integrado, bordo con sinalización, separador verde e a gabia de seguridade.

No documento autorizado hoxe contémplanse catro tipos de sendas: a máis completa, para os lugares con maior espazo dispoñible, no que a zona de tránsito peonil e o carril para bicicletas sexa segregado; a mixta, compartida para peóns e ciclistas; a mixta con bordo, na que a gabia de seguridade substitúese por bordo e canalización de pluviais; e a senda mínima, onde se manteñen como elementos de identidade o pavimento integrado e o bordo con sinalización.

Imaxe da senda completa:



A XUNTA FACILITARÁ A MÁIS DE 3.000 GALEGOS O ACCESO Á FORMACIÓN PARA OBTEN OS CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria convocou a décima edición das probas dirixidas ás persoas que non teñen ESO ou bacharelato, requisitos mínimos exixidos para acceder á formación profesional para o Emprego*
- *Galicia é pioneira desde 2009 na realización destes exames que se centran nas materias de lingua galega, castelá, inglés e matemáticas*
- *Máis de 25.000 galegos e galegas sen estudos participaron nestas probas desde que se convocaron por primeira vez en 2009*
- *A capacitación dos traballadores e traballadoras galegos é un dos eixos prioritarios da Axenda 20 para o Emprego que activou a Xunta de Galicia*

A Xunta convocou a décima edición das probas, coñecidas co nome de Competencias Clave, para facilitar aos traballadores e traballadoras galegas que non posúan os requisitos académicos da ESO ou do bacharelato o acceso á formación para obter os certificados de profesionalidade, e polo tanto para incrementar as posibilidades de obter un posto de traballo.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria publicará mañá no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) a convocatoria destas probas que cada ano se realizan en Silleda e coas cales se poden acadar os requisitos mínimos que aseguran que os alumnos e alumnas posúen os coñecementos necesarios para realizar a formación correspondente aos novos certificados de profesionalidade con validez en todo o territorio nacional.

Galicia é pioneira na realización destes exames que se centran nas materias de lingua galega, castelá, inglés e matemáticas. A Administración autonómica realiza estas probas desde o ano 2009 e máis de 25.000 galegos e galegas que carecían dos requisitos académicos esixidos puideron igualmente acceder á Formación para o Emprego e aos certificados de profesionalidade. Son probas de avaliación sobre un conxunto de contidos xerais de formación básica en diferentes áreas de coñecemento, necesarios para todas as especialidades formativas e laborais.

O Goberno galego segue a apostar pola convocatoria destas probas, tanto polo seu bo nivel nos resultados como pola alta participación que rexistra. En 2015, a porcentaxe de persoas que resultaron aptas para o nivel da ESO foi do 80%; e para o nivel de bacharelato do 63%. En canto á participación, entre 2009 e 2015 triplicouse o número de solicitudes.

A mellora da cualificación profesional dos traballadores e traballadoras galegos é un eixo prioritario na Axenda 20 para o Emprego que activou a Xunta de Galicia. O seu reto é a formación e capacitación ao longo da vida laboral dos traballadores. Entre as

20 medidas previstas nesta folla de ruta inclúese a priorización e a mellora da cualificación dos colectivos a quen van dirixidas estas probas de avaliación.

Neste eido inclúese tamén a creación de unidades de formación na empresa, que impulsan a especialización e a capacitación con compromiso de contratación, a posta en marcha dun proxecto piloto de Cheque Formación para que os desempregados teñan liberdade de elección e lles acredite para realizar cursos concretos dirixidos a mellorar a súa empregabilidade e establecen medidas para avaliar a súa eficacia.

A XUNTA DE GALICIA IMPULSARÁ A DINAMIZACIÓN DOS PEQUENOS NÚCLEOS HISTÓRICOS A TRAVÉS DUN PLAN ESTRATÉXICO QUE FAVOREZA A SÚA CONSERVACIÓN E A FIXACIÓN DE POBOACIÓN

- *O Consello de Goberno analizou hoxe un informe sobre a posta en marcha desta iniciativa*

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a posta en marcha dun Plan estratéxico de dinamización dos pequenos núcleos históricos, unha iniciativa coa que o Goberno galego quere favorecer a conservación destes núcleos ao tempo que se promove a fixación de poboación neles. Liderado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o plan será transversal e contará coa participación da Axencia de Turismo de Galicia, da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, do Instituto Galego da Vivenda e Solo, dos concellos implicados e das consellerías de Facenda, de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e de Economía, Emprego e Industria.

A redacción do plan partirá dun estudo pormenorizado e completo da situación dos centros e barrios históricos das pequenas vilas e cidades galegas que será elaborado por un equipo universitario multidisciplinar. Sobre esa base, o documento propondrá unha estratexia xeral para a promoción, uso e conservación destes conxuntos históricos desde un concepto de sustentabilidade e de plena protección do patrimonio herdado. Ao mesmo tempo, as accións que se desenvolvan deberán estar comprometidas co ambiente e coa eliminación de obstáculos que impidan a plena participación e gozo destes espazos por todos os cidadáns.

Fixación da poboación

Deste xeito, o plan poderá establecer diferentes liñas de actuación tales como as axudas e apoio á rehabilitación e mellora da vivenda, mellora dos documentos de ordenación e planificación urbana e dos servizos de comunicación e subministración de enerxía, medidas todas elas dirixidas a favorecer a fixación da poboación local e a atraer novos habitantes.

Todas estas accións deberán ir acompañadas do desenvolvemento de políticas de protección e conservación adecuadas ás necesidades de cada conxunto patrimonial.

Activación económica

De forma paralela búscase promover a actividade económica, o que poderá realizarse a través do apoio á conservación e rehabilitación de inmobles que actúen como xeradores de emprego e axentes activos na economía local, ou mediante liñas de financiamento e apoios ao comercio local e de proximidade.

Ao mesmo tempo definirase unha rede de conxuntos históricos de vilas e pequenas cidades que lles permita desenvolver accións de forma conxunta.

Potenciación de valores

En definitiva, a elaboración do plan ten como obxectivo promover un modelo urbano sustentable no cal a actividade cultural, social, económica e turística sexa perfectamente compatible coa protección e conservación duns cascos e conxuntos históricos cuxa pervivencia constitúe, en si mesma, o exemplo de que as xeracións pasadas souberon manter unha convivencia harmónica co urbanismo e coas condicións ambientais, climáticas e orográficas de cada zona.

Neste momento existen 31 conxuntos históricos declarados BIC, dos que 18 contan con plan especial de protección (por exemplo Betanzos, Mondoñedo, Ribadavia ou Baiona), 6 non contan con este documento e outros 7 son conxuntos declarados BIC que non se corresponden exactamente con centros urbanos, zonas vellas de cidades ou vilas.

A elaboración e aplicación do Plan estratéxico de dinamización dos pequenos núcleos históricos podería redundar na declaración BIC de máis conxuntos históricos ou, de forma independente desta declaración, na potenciación dos seus valores identificados baixo o selo de protección do patrimonio e sustentabilidade.

A XUNTA INVESTIRÁ 17.179 MILLÓNS DE EUROS NA PLANIFICACIÓN DE RECURSOS DO SISTEMA SANITARIO PÚBLICO DE GALICIA A TRAVÉS DA ESTRATEXIA SERGAS 2020

- *Permitirá organizalos segundo as necesidades da cidadanía para aumentar a accesibilidade, eficiencia e efectividade das prestacións*
- *Os seus eixes estratéxicos refírense á atención integral adaptada aos pacientes; a profesionais comprometidos e coidados pola organización; á xestión eficiente, e a infraestruturas, equipamentos e sistemas de información*

O conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, presentou hoxe aos membros do Consello da Xunta a planificación dos recursos do sistema sanitario público de Galicia para os anos 2016-2020, a Estratexia Sergas 2020. O total dos orzamentos destinados a ela, ata o ano 2020, ascende a máis de 17.179 millóns de euros para os próximos 5 anos, e a consecución dos seus obxectivos avaliarase anualmente a través dos indicadores corporativos correspondentes co fin de ir adaptándoa ás variacións internas e do contorno.

Este documento ten como obxectivo mellorar a saúde dos pacientes a través da prestación de servizos sanitarios efectivos, eficientes e de calidade de forma equitativa, accesible e sustentable, consolidando a innovación tanto tecnolóxica como na implantación de procesos integrados que garantan a continuidade asistencial.

Así, co obxectivo xeral de mellorar a saúde da cidadanía galega, definíronse catro eixes estratéxicos, referentes á atención integral adaptada ás necesidades dos usuarios, familiares e coidadores; a profesionais comprometidos e coidados pola organización; á xestión eficiente que contribúa á sustentabilidade do sistema sanitario, e a infraestruturas, equipamentos sanitarios e sistemas de información. Estes eixes estratéxicos levan asociados 20 obxectivos estratéxicos que se acadarán a través de 123 proxectos, dos que 66 se implementan como novos e os 57 restantes consolidan iniciativas postas en marcha coa anterior Estratexia Sergas 2014.

Polo tanto, a través deste plan búscase establecer orientacións e liñas estratéxicas innovadoras que contribúan a solucionar os problemas identificados na organización e aumentar a eficiencia do sistema para asumir o aumento do custo dos servizos sanitarios, debido á aparición de novos fármacos (máis caros); o aumento da supervivencia (que producirá un aumento de pacientes crónicos e polimedicados); as novas tecnoloxías (máis custosas) e novas realidades asistenciais (epixenética, biotecnoloxía...) e a unha cidadanía cun nivel de exixencia maior.

A estratexia ten tamén como obxectivo poñer en valor os bos profesionais e incidir no desenvolvemento da excelencia profesional; proseguir mellorando na continuidade

asistencial, fomentando o traballo conxunto entre niveis e entre profesionais; reducir a variabilidade clínica, e organizar os servizos en función das necesidades obxectivables dos cidadáns. Neste sentido, o documento avoga por adaptar os fluxos de atención ás diferentes tipoloxías do paciente, xa que o sistema está organizado por especialidades médicas e categorías profesionais, non polas necesidades dos usuarios.

Por último, a iniciativa busca lograr a máxima credibilidade dos responsables do sistema para mellorar a comunicación cos profesionais e coa cidadanía, e favorecer a implantación de novos proxectos; reforzar criterios organizativos e de xestión que sexan homoxéneos e coherentes; desenvolver sistemas de información que permitan a avaliación e a toma de decisións, e asignar os recursos en función de resultados en saúde.

Para elaborar este plan contouse por vez primeira coa participación activa de usuarios, profesionais e outros axentes implicados. Achegaron a súa visión 3.058 persoas, das cales 1.104 eran profesionais, 168 entidades de pacientes e 644 outros colectivos (sindicatos, expertos, empresas, partidos políticos...), dos que se recibiron máis de 2.000 propostas que foron posteriormente priorizadas polos propios participantes. Tivéronse en conta tamén as estratexias de organismos nacionais e internacionais e os resultados de avaliación da Estratexia Sergas 2014.

A XUNTA DE GALICIA IMPULSA A CREACIÓN DUN OBSERVATORIO DE DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA

- ***Adscribirase á Consellería de Política Social e actuará como órgano permanente de recollida, análise e intercambio de información en materia de demografía. Así mesmo, formulará propostas e recomendacións para seren consideradas na configuración das prioridades de actuación transversais da Administración autonómica***
- ***Estará presidido polo titular da carteira autonómica, José Manuel Rey Varela***
- ***A publicación da norma de creación e regulación da composición e funcións do Observatorio está prevista para o terceiro trimestre de 2016***

O Consello da Xunta deu luz verde esta mañá á tramitación do decreto para a creación do Observatorio de Dinamización Demográfica. Trátase dun órgano especializado que levará a cabo unha análise permanente das dinámicas demográficas, das accións desenvolvidas e dos avances acadados por parte da Administración autonómica, que ademais servirá de canle de divulgación e de motor de encontro e reflexión de cara á opinión pública e aos distintos axentes sociais representativos dos intereses colectivos.

Os estudos máis recentes sobre a evolución dos principais indicadores demográficos e as previsións dun continuado decrecemento da súa poboación sitúan a Galicia ante un problema estrutural de importantes consecuencias económicas e sociais e ante un horizonte demográfico sobre o que é necesario actuar. Galicia é a terceira comunidade española con maior porcentaxe de poboación envellecida, a segunda co índice sintético de fecundidade máis baixo e as persoas de entre 14 e 30 anos supoñen o 15,24% da poboación total galega, fronte ao 15,55% no conxunto de Estado e o 19,3% de Europa.

Consciente desta situación, A Xunta de Galicia ten asumida a abordaxe do devalo demográfico e a xestión dos impactos que del derivan como unha das súas tarefas fundamentais de goberno. Así, resulta preciso desenvolver unha estratexia transversal na acción de goberno para ampliar a capacidade de describir, analizar, entender e atender a dinámica demográfica e as súas interrelacións co desenvolvemento económico e social; para incorporar os factores poboacionais no deseño e desenvolvemento das políticas públicas, e poñer en valor o reto demográfico na conciencia social. Todos eles, obxectivos que recollerá o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, un órgano pioneiro en España que se configura como un centro de referencia a nivel rexional.

O Observatorio adscribítese á Consellería de Política Social e estará presidido polo titular da carteira autonómica, José Manuel Rey Varela. A vicepresidencia recaerá na directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, Amparo González

Méndez. O equipo completarase cun secretario/a e con dez vogais. As súas funcións serán a de actuar como órgano permanente de recollida, análise e intercambio de información en materia de demografía na comunidade; recompilar e difundir información así como promover a produción de material documental; divulgar informes, estudos e informacións de interese temático; formular propostas e recomendacións para seren consideradas na configuración das liñas estratéxicas e prioridades de actuación transversais da Xunta de Galicia; analizar a evolución das actuacións en materia de dinamización demográfica; identificar as iniciativas, experiencias, proxectos piloto, recursos e programas de referencia en relación coa materia; elaborar un informe anual sobre a situación demográfica en Galicia; promover foros de discusión e debate sobre a problemática demográfica, e fomentar calquera actuación considerada necesaria.

Este órgano terá unha reunión plenaria polo menos unha vez cada seis meses e outros órganos da Xunta de Galicia, así como organismos e demais entidades do sector público poderán solicitar informes ao Observatorio sobre materias da súa competencia, nomeadamente sobre a avaliación do impacto demográfico das diferentes medidas e políticas públicas.

Coa creación do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica dáse un paso máis na construción das condicións precisas para abordar e revertir o devalo demográfico en Galicia, ao permitir aumentar o coñecemento e análise para determinar as liñas de traballo nas compoñentes básicas da dinamización demográfica. Ademais, a existencia do Observatorio non comportará ningún custo económico adicional, toda vez que os membros de dito órgano exercerán as funcións inherentes á dita condición de maneira gratuíta. Prevese que a norma de creación e regulación da composición e funcións do Observatorio sexa publicada no terceiro trimestre de 2016.

O impulso do cambio demográfico como eixe estratéxico

O camiño iniciado en 2013 co primeiro Plan de dinamización demográfica de Galicia 2013-2016 culminou na integración transversal da perspectiva demográfica no Plan estratéxico rexional Galicia 2015-2020, que institúe a recuperación demográfica como un principio transversal a todos os eixes de actuación do Goberno autonómico.

Así mesmo, a finais de 2015, a Xunta de Galicia creou unha dirección xeral con competencias específicas para a dinamización demográfica e puxo en marcha o Programa de apoio á natalidade (PAN), un programa global pensado para dar resposta ás necesidades das nais e dos pais galegos. O programa estrutúrase en tres áreas: axudas, conciliación e servizos. Todos eles, aspectos fundamentais para apoiar as familias dun xeito integral e continuo.

A administración autonómica participa ademais en diversos foros a nivel nacional e europeo que teñen como finalidade dar a coñecer as súas peculiaridades demográficas e situar esta cuestión na axenda política nacional e europea. Deste xeito, Galicia acollerá próximas reunións do Foro de Rexións con Desafíos Demográficos e do Grupo de Traballo sobre o cambio demográfico e o envellecemento dentro da RESOE, nos meses de xuño e xullo de 2016.

A XUNTA ACTIVOU CATRO VECES EN NIVEL LEVE DE ALERTA O PLAN TERRITORIAL POR CONTAMINACIÓN MARIÑA ACCIDENTAL DE GALICIA NOS SEUS CATRO ANOS DE VIXENCIA

- *O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre as accións desenvolvidas no tempo de vixencia do Plan CAMGAL*
- *Das catro veces que se activou tres foron no ano 2013 en Laxe, en Vilaxoán (Vilagarcía de Arousa) e na Devesa (Ribadeo) e a última ocasión foi en 2015 na ría coruñesa do Burgo*
- *Ademais a realización de 12 exercicios de adestramento permitiu poñer en práctica e testar os protocolos de actuación e tamén a coordinación entre os diferentes plans de continxencias*
- *Desenvolvéronse ferramentas de apoio á loita contra a contaminación mariña accidental como a rede de observación en tempo real das condicións oceano-meteorolóxicas da costa galega*
- *Para incorporar as novidades tecnolóxicas e lexislativas desenvolvidas nestes catro anos, a Consellería do Mar constituirá a comisión de revisión do Plan cos órganos directivos involucrados nel*

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre os catro anos de vixencia do Plan territorial por contaminación mariña accidental de Galicia (Plan CAMGAL). Este documento dá conta das accións desenvolvidas para mellorar a preparación e a concienciación dos diferentes axentes involucrados na loita contra a contaminación mariña accidental. Así, sinala que dende a posta en marcha desta ferramenta, no ano 2012, a Xunta activou en catro ocasións o plan en nivel de alerta, é dicir, o máis leve, e en todos os casos demostrou a súa efectividade na organización da resposta.

Das catro veces que se activou, tres foron no ano 2013, unha delas en Laxe, outra en Vilaxoán (Vilagarcía de Arousa) e outra na localidade lucense da Devesa, en Ribadeo. A última ocasión en que se activou foi no 2015 na ría coruñesa do Burgo. O informe sinala tamén que en 38 ocasións, consideradas como emerxencias ordinarias, o Servizo de Gardacostas de Galicia utilizou ferramentas do Plan CAMGAL que resultaron ser moi efectivas; como por exemplo simulacións da deriva dunha vertedura.

Segundo explica o informe, os protocolos de actuación e tamén a coordinación entre os diferentes plans de continxencias foron testados e postos en práctica nestes catro anos a través de 12 exercicios de adestramento nos cales se simularon situacións reais. Estes simulacros permitiron poñer en práctica e testar os protocolos de actuación e tamén a coordinación entre os diferentes plans de continxencias. De feito, neles participaron diferentes organismos previstos no Sistema Nacional de Resposta como Sasemar, do Ministerio de Fomento; o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio

Ambiente, a Axencia Europea de Seguridade Marítima (EMSA), e algúns países do Espazo Atlántico como Portugal, Francia, Reino Unido e Irlanda.

Ferramentas e xornadas

Durante este tempo de implementación do plan desenvolvéronse numerosas ferramentas para dar apoio á loita contra a contaminación mariña accidental. Entre elas o informe destaca a rede de observación en tempo real das condicións oceano-meteorolóxicas da costa galega, que se pode consultar na web do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (Intecmar). Tamén os sistemas de predición de derivas de contaminantes de alta resolución e manuais de desenvolvemento de exercicios de adestramento, entre outros.

Estas ferramentas desenvolvéronse grazas á participación da Administración autonómica en diversos proxectos europeos como os ARCOPOL (Programa Espazo Atlántico) ou os proxectos RAIA (Programa POCTEP). A través deles tamén se realizaron diversas xornadas e cursos para os axentes involucrados na resposta (concellos, brigadas de protección civil, escolas, cidadanía, etc.). Ademais, o Plan CAMGAL foi obxecto de numerosas presentacións en foros nacionais e internacionais de relevancia na loita contra a contaminación mariña accidental, entre eles a Organización Marítima Internacional (OMI), a plataforma tecnolóxica para a protección do medio mariño pt-PROTECMA e as conferencias internacionais INTERSPILL e AMOP.

Novidades e futuro

Por outra banda, o informe tamén recapitula as novidades introducidas polo Plan CAMGAL, entre elas unha maior cobertura do risco ao incluír apartados específicos na loita contra a contaminación mariña accidental provocada por substancias nocivas e potencialmente perigosas. Tamén a simplificación do Centro de Coordinación Operativa (CECOP) para imprimir maior axilidade na xestión da crise.

Outra das novidades foi a maior definición dos procedementos de resposta, xa que introduciu regulación sobre actuación do voluntariado -tanto profesional do mar como non profesional- nas tarefas de resposta. Tamén estableceu a necesidade de elaboración de plans locais por parte dos concellos litorais, implicándoos na loita contra a contaminación mariña accidental. Ademais, a inclusión dunha Infraestrutura de Datos Espaciais (IDE) específica para o Plan CAMGAL, permitiu unha integración organizada de ferramentas informáticas (*hardware* e *software*) e datos xeográficos e non xeográficos. A súa función é axudar na planificación e xestión das continxencias aos distintos usuarios involucrados na mesma.

Por último, o informe expón a necesidade de revisar o plan para incorporar as novidades tecnolóxicas e legislativas que foron aparecendo no campo da contaminación mariña accidental. Por este motivo, a Consellería do Mar, responsable

do Plan CAMGAL, constituirá a comisión de revisión do plan coa participación dos órganos directivos involucrados nel (consellerías de Vicepresidencia, Administracións Públicas e Xustiza; de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio; de Sanidade; de Política Social e de Economía, Emprego e Industria).